



ACTA DA REUNIÓN 16 DE XUÑO DE 2014 DA MESA DE CONTRATACIÓN DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA PARA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA E POR PREZO UNITARIO DE BENS CONSUMIBLES.

PRESIDENTE:

D. Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente da Mesa do Parlamento de Galicia

VOGAIS:

D^a. Marisol Soneira Tajés
Vicepresidenta 2^o da Mesa do Parlamento de Galicia

D. José Manuel Balseiro Orol
Secretario da Mesa do Parlamento de Galicia

D^a. María Aneiros González
Letrada do Parlamento de Galicia

D. José María Ameijenda Cuns
Director da Intervención Xeral e Asuntos Económicos do Parlamento de Galicia

SECRETARIO:

D. Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás 11,45 horas do día **16 de xuño de 2014**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación presentada para tomar parte na contratación administrativa, mediante procedemento aberto, para a subministración sucesiva e por prezo unitario de bens consumibles para a Administración do Parlamento de Galicia.

Orde do día:

Punto primeiro.- Comunicación das empresas admitidas e excluídas no procedemento de contratación.

Punto segundo.- Apertura e exame da documentación incluída nos sobres "B" ("Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor").

Invítase a que accedan á sala os representantes presentes das empresas concorrentes.

D. Antonio Seoane Blas (dni nº 32784231P), representante de Office Depot, s.l.

D. Arturo Sánchez Castiñeiras (dni nº 33203410N), representante de Grafisant, s.l.

D. José Manuel López da Silva (dni nº 78786835J), representante de Brinco, s.l.

Punto primeiro.- Comunicación das empresas admitidas e excluídas no procedemento de contratación.

O presidente da Mesa de contratación anuncia que si algún dos presentes o solicita se procederá á lectura do anuncio de licitación publicado no Diario Oficial de Galicia nº 90, 13 de maio de 2014; no Diario Oficial de Galicia nº 95, de 20 de maio de 2014 unha ampliación do prazo para presentación de ofertas. Ningún dos presentes o solicita.

Acto seguido comunícase o acordo da Mesa de contratación sobre a admisión e inadmisión das proposicións presentadas polas empresas reflectidas na certificación expedida polo xefe do Servizo de Asistencia Parlamentaria.

Da cualificación de documentos dos sobres A resulta o seguinte:

Empresas admitidas:

- Office Depot, s.l.
- Paz Dismac, s.l.
- Grafisant, s.l.
- Brinco soluciones integrales, s.l.
- Fornecementos Galegos, s.l.

Empresas excluídas:

- Non hai empresas excluídas

Punto segundo.- Apertura e exame da documentación incluída nos sobres "B" ("Documentación relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor").

O presidente invita aos presentes a que examinen os sobres "B" e caixas coas mostras presentados polas empresas admitidas á contratación, e comprobem que se atopan pechados e nas condicións nas que foron entregados. Informa de que poden, antes de proceder á súa apertura, efectuar as manifestacións ou observacións que consideren oportunas, pero unha vez iniciada a apertura, non se admitirán interrupcións. Informa que a documentación contida nos sobres e nas caixas serán remitidas ao servizo do Parlamento competente para a súa avaliación, e a ponderación asignada aos criterios cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor, darase a coñecer no acto público de apertura dos sobres "C".

Procédese a continuación á apertura dos sobres e das caixas presentados polas empresas concorrentes. O presidente anuncia aos presentes poden examinar a documentación contida nos sobres "B" e caixas coas mostras.


Non habendo máis asuntos que tratar, ás 12,02 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data indicados.




Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



Marisol Soneira Tajés
Vogal



José Manuel Balseiro Orol
Vogal



María Aneiros González
Vogal



José María Ameijenda Cuns
Vogal



Santiago González Serrano
Secretario